

Matriz de Contabilidade Social. Revisión estatística 2024

Resumo de resultados 13/12/2024

ÍNDICE

Introdución	1
Remuneración do factor traballo por sexo e nivel de estudos	2
Soldos e salarios	2
Rendas mixtas	4
Gasto en consumo final dos fogares residentes por tipo de fogar e grupo de produtos	5
Definicións, fontes e máis información	6

Introdución

A Matriz de Contabilidade Social é unha estatística de síntese de carácter estrutural. O principal obxectivo desta operación é servir de vínculo entre os procesos de xeración de valor engadido e a descrición dos fluxos de bens e servizos dunha economía, recollidos nun Marco Input Output, e o papel das persoas e os fogares na economía. Proporciona, por tanto, información de carácter social, pero o que a distingue doutras estatísticas máis específicas é que ofrece consistencia entre as estatísticas sociais e as contas económicas, isto é, ofrécenos unha visión combinada das cifras macroeconómicas e a súa repercusión nas persoas da nosa economía.

A Matriz de Contabilidade Social de Galicia achega información da remuneración do factor traballo (*soldos e salarios* se falamos de traballo asalariado e *renda mixta* se consideramos o traballo por conta propia) por categorías socioeconómicas: ramas de actividade, sexo e nivel de estudos. Achega tamén información por tipo de fogar (os fogares clasifícanse en catro tipos segundo a principal fonte de renda do fogar), para o total de rendas do traballo percibidas na economía de Galicia e información sobre o gasto en consumo final por tipo de fogar e produto consumido.

A publicación, que achega datos da serie 2010-2022, é coherente coas operacións estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia en Revisión estatística 2024.

Remuneración do factor traballo por sexo e nivel de estudos

Soldos e salarios

No ano 2022 a masa salarial aumenta un 8,6 % con respecto ao ano anterior, incremento inferior ao do Produto interior bruto (PIB) galego (10,4 % en termos correntes). Os soldos e salarios supoñen neste ano o 34,3 % do PIB, e son a principal compoñente da remuneración de asalariados (o resto serían cotizacións sociais a cargo dos empregadores). No ano 2022 o peso da remuneración de asalariados no PIB é do 44,2 %.

O 44,9 % dos soldos e salarios son percibidos por mulleres. Este valor é o máis elevado da serie 2010-2022. No colectivo feminino destaca o sector servizos como o principal provedor de rendas salariais xa que estes achegan o 87,4 % do total. É especialmente relevante o sector que engloba as seccións O a T da CNAE-2009: Administración pública, educación, sanidade, servizos sociais, actividades artísticas e recreativas e outros servizos que achegan máis do 50 % das rendas salariais percibidas polas mulleres. Porén, este sector só supón o 24,6 % no caso das rendas salariais dos homes. En cambio, a Industria manufacturera e a Construción concentran o 31,2 % das rendas salariais dos homes por un 10,8 % das mulleres.


Soldos e salarios. Porcentaxe sobre o PIB e porcentaxe que perciben as mulleres.

Unidade: miles de euros, porcentaxe

Ano	Soldos e salarios	Porcentaxe sobre o PIB	Porcentaxe percibido por mulleres
2010	20.448.618	36,4	38,8
2011	19.994.051	36,6	40,5
2012	18.664.096	35,5	40,7
2013	18.481.456	35,3	41,4
2014	18.255.308	34,5	42,3
2015	18.840.407	34,5	42,7
2016	19.293.958	34,1	43,3
2017	19.906.109	34,0	42,7
2018	20.878.139	34,0	43,2
2019	22.100.145	35,1	43,7
2020	21.324.079	36,7	43,9
2021	22.603.621	34,9	44,0
2022	24.549.898	34,3	44,9

Fonte: IGE. Matriz de Contabilidade Social ([descarga da táboa](#))

Distribución dos Soldos e salarios por rama de actividade, nivel de formación e sexo. Ano 2022
Unidade: Miles de euros



Nivel de estudos: I: Educación primaria ou inferior.II: Primeira etapa de educación secundaria e similar. III: Segunda etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior.IV: Educación superior.


Sector de actividade: Servizos I: Comercio, transporte, hostalería, información e comunicacións, actividades financeiras e de seguros, actividades inmobiliarias, actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE G a N). Servizos II: Administración pública, educación, actividades sanitarias e sociais, actividades artísticas, outros servizos e actividades dos fogares que empregan persoal doméstico (CNAE O a T)

Se atendemos aos ingresos salariais obtidos en función do nivel educativo, no ano 2022, o 58,4 % da masa salarial corresponde a traballadores con educación superior, o 19,6 % a traballadores coa segunda etapa de educación secundaria e o 21,9 % restante a traballadores coa primeira etapa de educación secundaria ou nivel de estudos inferior. No período 2010-2022 obsérvase unha diminución da porcentaxe de masa salarial correspondente ao colectivo coa primeira etapa de educación secundaria ou inferior. Entre outros factores, isto pode deberse ao feito de que durante a crise iniciada en 2008 destruíuse principalmente emprego en sectores que tradicionalmente empregan máis man de obra con estudos non superiores, como pode ser a construción. Por outra banda, tamén se debe ter en conta, a propia estrutura poboacional, onde cada vez é maior a porcentaxe da poboación con estudos superiores (sen que isto implique necesariamente que o traballo que desempeñan requira esta cualificación).

Se nos fixamos na distribución por sexo e nivel de estudos, vemos que no caso das mulleres o 67,6 % das rendas recíbenas mulleres con nivel de estudos superior, sendo esta porcentaxe do 51,0 % no caso dos homes. Isto está estreitamente relacionados cos distintos sectores de actividade de onde proveñen maioritariamente as rendas salariais dun e doutro colectivo que se comentaba anteriormente.

Distribución da masa salarial por nivel de estudos do traballador

Unidade: porcentaxe sobre os soldos e salarios totais (%)



Rendas mixtas

No ano 2022 as rendas mixtas aumentan un 11,4 % con respecto ao ano anterior e supoñen o 12,0 % do PIB galego.

As rendas mixtas xeradas pola poboación feminina supoñen o 35,2 % do total e concéntranse no sector primario e no sector do comercio, transporte, hostalería, actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e outros servizos (CNAE G a N). No caso das rendas mixtas xeradas pola poboación masculina, ademais dos sectores anteriores, tamén é relevante o sector da construción, de onde proceden o 25,9 % das rendas mixtas obtidas polos homes.

Distribución das rendas mixtas por rama de actividade e sexo. Ano 2022


Unidade: Miles de euros

Rendas mixtas. Porcentaxe sobre o PIB

Unidade: miles de euros, porcentaxe

Ano	Rendas mixtas	Porcentaxe sobre o PIB
2010	7.079.010	12,6
2011	6.723.464	12,3
2012	6.511.533	12,4
2013	6.585.810	12,6
2014	6.565.639	12,4
2015	6.669.934	12,2
2016	6.958.963	12,3
2017	7.223.675	12,3
2018	7.400.951	12,1
2019	7.651.870	12,1
2020	6.763.718	11,6
2021	7.684.082	11,9
2022	8.559.394	12,0

Fonte: IGE. Matriz de Contabilidade Social ([descarga da táboa](#))



Sector de actividade: Servizos I: Comercio, transporte, hostalería, información e comunicacións, actividades financeiras e de seguros, actividades inmobiliarias, actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE G a N). Servizos II: Administración pública, educación, actividades sanitarias e sociais, actividades artísticas, outros servizos e actividades dos fogares que empregan persoal doméstico (CNAE O a T)


Fonte: IGE. Matriz de Contabilidade Social ([descarga da táboa](#))

Gasto en consumo final dos fogares residentes por tipo de fogar e grupo de produtos

Os fogares cuxa principal fonte de renda son as remuneracións do traballo (por conta allea ou conta propia) concentran a maior parte do gasto en consumo final dos fogares galegos. En 2022 supoñen o 66,3% do gasto. Os fogares cuxa principal fonte de renda son as pensións contributivas concentran o 31,4%. O gasto en consumo dos *outros fogares* (aqueles cuxa principal fonte de renda provén de prestacións non contributivas ou outros tipos de ingresos non derivados do traballo) representan o 2,3% do total.

Distribución do gasto en consumo final dos fogares por tipo de fogar


Unidade: porcentaxe sobre gasto total (%)




O gasto en vivenda, auga, gas, electricidade (grupo de produtos 4) e produtos alimenticios (grupo 1) supón o 36,7% do gasto dos fogares galegos no 2022. Debe terse en conta que no gasto en vivenda tamén se inclúe o gasto en alugueiro imputado dos fogares residentes nunha vivenda en propiedade. A porcentaxe anterior varía en función do tipo de fogar, así para os fogares cuxa principal fonte de ingresos son as rendas do traballo é do 32,4%, mentres que no caso de fogares cuxa principal fonte de ingresos son as pensións, prestacións de desemprego, etc. supera o 45,1%.

Outra diferenza importante atopámola nos grupos 9 (ocio, espectáculos e cultura) e 11 (hoteis, cafés e restaurantes) cuxo gasto supón, no 2022, o 26,0 % do gasto total dos fogares cuxas rendas proveñen principalmente do traballo (grupos I e II) e dez puntos menos no caso do resto de fogares (grupos III e IV).

Distribución do gasto en consumo final por produtos.
Fogares cuxa principal fonte de renda son as rendas do traballo.
Unidade: Porcentaxe



Distribución do gasto en consumo final por produtos.
Fogares cuxa principal fonte de renda son pensións, prestacións de desemprego, rendas da propiedade e outras.
Unidade: Porcentaxe



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Máis información:

- Distribución dos soldos e salarios por sexo, rama e nivel educativo e renda mixta por rama e sexo
- Renda xerada polo sector institucional fogares por tipo de renda, sexo e tipo de fogar
- Consumo final por grupo de produtos e tipo de fogar